

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E O MONTE REAL CLUB DE YATES BAIONA POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE NAVEGACIÓN TERAPÉUTICA CON MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E AS SÚAS FILLAS E FILLOS, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

### MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

En novembro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha Proposición non de lei pola que se instaba ao Goberno a promover a subscripción dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero polo Goberno da Nación, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias, que siga impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado. Así no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, creouse unha Subcomisión que tivo como obxectivo elaborar un informe no que se identificaran e analizaran os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero, e no que se incluían un conxunto de propostas de actuación,



entre elas as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como ás recomendacións dos organismos internacionais. O Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Pola súa parte, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a creación dunha Ponencia que estudase e avaliasse, en materia de Violencia de xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, analizase a estratexia para alcanzar e implementar un Pacto de Estado contra a Violencia de xénero e examinase a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro. O 13 de setembro de 2017, o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

Ambos informes conteñen un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e para mellorar na resposta que, desde as Institucións, se proporciona ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos menores.

O 27 de decembro de 2017 todas as comunidades autónomas ratificaron de común acordo o documento final do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que no seu eixo 4 recolle de maneira específica medidas para «a intensificación da asistencia e protección de menores». A protección específica dos e das menores parte do seu recoñecemento como vítimas directas e leva aparellada a necesidade de ampliar e mellorar as medidas dirixidas á súa asistencia e protección, coa implantación de diversas actuacións que impulsen a aplicación práctica dese recoñecemento das e dos menores como vítimas, recolléndose de xeito específico na medida 216 a mellora da conexión entre a violencia contra as mulleres e a experiencia vitimizadora dos fillos e fillas.

A entidade Monte Real Club de Yates Baiona está a organizar un programa de navegación terapéutica *Vela contra a violencia de xénero*, a través da cal as mulleres vítimas de violencia e os menores ao seu cargo poden practicar actividades adaptadas de vela, co obxectivo de mellorar a confianza en si mesmas e rachar coa



